# O Concello de Gondomar entrega diplomas acreditativos aos alumnos de fotografía dixital.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 29 Xullo 2015 21:49



Un grupo de mozas e mozos de Gondomar recibiron os diplomas acreditativos do curso de fotografía dixital que estivo a cargo da recoñecida fotógrafa miñorana, Ani Pérez. Os participantes do curso, de entre 14 e 30 anos, recibiron coñecementos desta arte dixital durante 30 horas no correr do presente mes. O acto de entrega dos diplomas tivo lugar no Centro de Desenvolvemento Local e contou coa participación do alcalde Francisco Ferreira e responsables da concelleira de Xuventude.